

HISTORIA DA FILOSOFÍA

ACLARACIÓNS: a) O comentario deberá analizar o fragmento (tanto os conceptos fundamentais como a argumentación) e relacionalo cun contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía), con corrección expresiva e gramatical. b) As cuestións teóricas (1ª e 2ª partes do exame) desenvolverán os contidos pertinentes, con precisión conceptual, rigor expositivo e corrección expresiva e gramatical. c) As respostas á 3ª parte do exame consistirán, sen máis, no nome do filósofo e o título das súas obras.

OPCIÓN A

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

Realidade e coñecemento en Platón.

“Pensa, entón, como dicíamos, que son dúas entidades, unha rexe o mundo do intelixible e a outra o mundo do visible. (...)

-Toma agora unha liña dividida en dúas seccións desiguais e de novo corta estas dúas partes, segundo a mesma proporción, a da especie que é visible e da que é intelixible, e terás a claridade e a escuridade en relación a ambas, na visible atoparás unha sección de imaxes. (...)

- (...)

- Comprendiches perfectamente. Aplica a esas catro seccións catro afeccións que se xeran na alma: intelixencia, á máis elevada; pensamento discursivo, á segunda; á terceira, a crencia; e á última, a conxectura; ordénaas segundo unha proporción, pensando que canto máis participen da verdade, tanto máis participan da claridade.”

(PLATÓN: *República*, Libro VI, 509d-511e).

2. Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*. (Cualificación máxima: 3 pts.).

3. Responde ás 4 breves cuestións seguintes (Cualificación máxima: 1 pto.):

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *forzas productivas – alienación*.

b) Nomea dúas obras de Marx.

OPCIÓN B

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión seguinte. (Cualificación máxima: 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

“Preguntaría gustosamente ós filósofos que derivaron tantos dos seus razoamentos da distinción entre substancia e accidente e imaxinaron que temos ideas claras acerca delas, se a idea de *substancia* debe ser derivada das impresións de sensación ou de reflexión. Se nos é proporcionada polos nosos sentidos, pregunto por cal deles e de que maneira. Se é percibida pola vista, debe ser unha cor; se polo oído, un son; se polo gusto, un sabor; e así para os outros sentidos. Pero non creo que alguén afirme que a substancia é unha cor, un son ou un sabor. A idea de substancia, se é que existe, debe logo derivarse das impresións de reflexión. Pero as impresións de reflexión divídense nas nosas paixóns e emocións, ningunha das cales é posible que represente unha substancia. Polo tanto, non temos ningunha idea de substancia distinta dunha colección de cualidades particulares, nin nos referimos a outra cousa cando falamos ou razoamos sobre ela.”

(D. HUME: *Tratado da Natureza Humana*, Libro I, Parte I, Sección VI).

2. O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval. (Cualificación máxima: 3 pts.).

3. Responde ás 4 breves cuestións seguintes (Cualificación máxima: 1 pto.):

a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos: *nihilismo – vontade de poder*.

b) Nomea dúas obras de Nietzsche.

HISTORIA DA FILOSOFÍA

ACLARACIONES: a) El comentario deberá analizar el fragmento (tanto los conceptos fundamentales como la argumentación) y relacionarlo con un contexto más amplio (el autor y su lugar en la historia de la filosofía), con corrección expresiva y gramatical. b) Las cuestiones teóricas (1ª y 2ª partes del examen) desarrollarán los contenidos pertinentes, con precisión conceptual, rigor expositivo y corrección expresiva y gramatical. c) Las respuestas a la 3ª parte del examen consistirán, sin más, en el nombre del filósofo y el título de sus obras.

OPCIÓN A

1. Comenta el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolla la cuestión siguiente. (Calificación máxima: 6 pts.: 3 para el comentario y 3 para la cuestión).

Realidad y conocimiento en Platón.

“Piensa entonces, como decíamos, cuáles son los dos que reinan: uno, el del género y ámbito inteligibles; otro el del visible. (...)

-Toma ahora una línea dividida en dos partes desiguales; divide nuevamente cada sección según la misma proporción, la del género de lo que se ve y otra la del que se entiende, y tendrás distinta oscuridad y claridad relativas; así tenemos primeramente, en el género de lo que se ve, una sección de imágenes. (...)

- (...)

-Entendiste perfectamente. Y ahora aplica a las cuatro secciones estas cuatro afecciones que se generan en el alma; inteligencia, a la suprema; pensamiento discursivo, a la segunda; a la tercera asigna la creencia y a la cuarta la conjetura; y ordénalas proporcionadamente, considerando que cuanto más participen de la verdad tanto más participan de la claridad.”

(PLATÓN: *República*, Libro VI, 509d-511e).

2. Descartes: el problema del método y la evidencia del *cogito*. (Calificación máxima: 3 pts.).

3. Responde a las 4 breves cuestiones siguientes (Calificación máxima: 1 pto.):

- Indica a qué filósofo corresponden los siguientes conceptos: *fuerzas productivas – alienación*.
- Nombra dos obras de Marx.

OPCIÓN B

1. Comenta el fragmento propuesto y, a partir del comentario, desarrolla la cuestión siguiente. (Calificación máxima: 6 pts.: 3 para el comentario y 3 para la cuestión).

Hume: crítica de las ideas de sustancia y causalidad.

“Me gustaría preguntar a esos filósofos que basan en tan gran medida sus razonamientos en la distinción de sustancia y accidente, y se imaginan que tenemos ideas claras de cada una de estas cosas, si la idea de *sustancia* se deriva de las impresiones de sensación o de las de reflexión. Si nos es dada por nuestros sentidos, pregunto: ¿por cuál de ellos, y de qué modo? Si es percibida por los ojos, deberá ser un color; si por los oídos, un sonido; si por el paladar, un sabor; y lo mismo con respecto a los demás sentidos. Pero no creo que nadie afirme que la sustancia es un color, un sonido o un sabor. La idea de sustancia deberá derivarse, entonces, de una impresión de reflexión, si es que realmente existe. Pero las impresiones de reflexión se reducen a nuestras pasiones y emociones, y no parece posible que ninguna de éstas represente una sustancia. Por consiguiente, no tenemos ninguna idea de sustancia que sea distinta de la de una colección de cualidades particulares, ni poseemos de ella otro significado cuando hablamos o razonamos sobre este asunto.”

(D. HUME: *Tratado de la Naturaleza Humana*, Libro I, Parte I, Sección VI).

2. El problema Razón/Fe en la Filosofía Medieval. (Calificación máxima: 3 pts.).

3. Responde a las 4 breves cuestiones siguientes (Calificación máxima: 1 pto.):

- Indica a qué filósofo corresponden los siguientes conceptos: *nihilismo – voluntad de poder*.
- Nombra dos obras de Nietzsche.